

## BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL 2018)

### 1 OBXECTO:

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal dos seguintes postos, para a participación no Servizo de Limpeza de Montes e outras Tarefas de Valorización Forestal mediante a subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente á orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (DOG núm. 26, do 6 de febreiro) esta orde foi modificada pola orde do 27 de setembro de 2017 (DOG núm. 190, do 5 de outubro), para o que se presentará para cada categoría oferta pública de contratación no Servizo Público de Emprego:

- 1 Conductor/a
- 1 Peón Forestal

A selección rexerá polas prescricións contidas nesta convocatoria e, naquilo que non se prevexa, polo EBEP e pola LEG, agás o relativo aos dereitos de exame que non se esixen na presente convocatoria.

### 2 MODALIDADE, DURACIÓN DOS CONTRATOS E XORNADA:

O modelo de contrato de traballo que rexerá a convocatoria será o de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

O contrato será pola xornada semanal completa por un período de nove (9) meses.

Estes contratos non se rexerán por ningún convenio sectorial. Unicamente poderá acollerse ao clausulado da negociación colectiva municipal de conformidade coa normativa vixente en tanto a contratante é a Administración Pública.

### 3 REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS EN TODAS AS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

1. Será requisito indispensable acreditar ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de selección como no da formalización do contrato de traballo, circunstancia que deberá ser acreditada polas persoas aspirantes mediante a presentación da vida laboral actualizada.

2. Terán preferencia, en todo caso, as persoas pertencentes aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

2.1. Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero; acreditarase mediante fotocopia do DNI e sentenza acreditativa ou informe de servizos sociais.

2.2. Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase mediante fotocopia do DNI, informe de vida laboral e declaración responsable.

2.3. Persoas paradas de longa duración. Para os efectos deste programa consideraranse como paradas de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo de doce meses como demandantes de emprego; a dita circunstancia acreditarase mediante a presentación da vida laboral actualizada.

2.4. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración

competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%; a acreditación da discapacidade farase presentando o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

2.5. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Informe do SEPE

2.6. Persoas desempregadas maiores de 45 anos; acreditarase mediante fotocopia do DNI

2.7. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Informe dos Servizos sociais municipais.

3. Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normativa directamente aplicable.

4. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007). Presentará declaración responsable de que non foi separada, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas nin entidades locais, nin está inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.

5. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto, para o que terá que presentar a correspondente declaración de non incorrer en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas que deberá realizar.

6. Coñecemento do galego: CELGA 2 ou equivalente.

7. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Antes de tomar posesión da praza, a persoa interesada terá que facer constar que non ocupa ningún posto de traballo nin realiza ningunha actividade no sector público delimitado polo art. 1 da Lei 53/1984, e que non percibe pensión de xubilación, retiro ou orfandade. Se realiza algunha actividade privada, incluída a de carácter profesional, terao que declarar no prazo de dez días naturais contados a partir do día de toma de posesión, para que a corporación acorde a declaración de compatibilidade ou incompatibilidade.

A administración poñerá a disposición das persoas aspirantes un modelo de declaración (Anexo II), que se lle facilitará e deberán cubrir e entregar no momento no que se realice a proba escrita.

## 5 SISTEMA DE SELECCIÓN, PROCESO

O punto 1 do artigo 14 da orde de convocatoria do programa, di que os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/polos cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Para tal fin, o punto 3 do mesmo artigo, establece a obrigatoriedade para as entidades beneficiarias de presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación; será a dita oficina a que proporcione a relación de persoas candidatas.

Aínda así, esta entidade publicará no seu taboleiro de anuncios e no seu sitio web ([concelloderianxo.gal](http://concelloderianxo.gal)) a orde de convocatoria da subvención pola que se rexe.

## 6 SISTEMA DE SELECCIÓN, NORMAS COMÚNS PARA TODAS AS CATEGORÍAS:

### 5.1 Oposición (Puntuación máxima: 10 puntos)

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio de cada proba, para o cal as persoas candidatas deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

O apartado de oposición constará de dous exercicios:

#### 5.1.1 Exame tipo test: (puntuación máxima 10 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa que se xunta como anexo I para cada convocatoria durante un período de 20 minutos. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.

#### 5.1.2 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio da proba, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

Este exercicio realizarano aquelas persoas aspirantes que resulten seleccionados e as suplentes que non estean exentas da realización deste, é dicir, que non conten co certificado expedido polo órgano competente.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, mediante fotocopias e como máximo o día da proba escrita, que posúen o Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

A comisión de selección convocará ás persoas candidatas que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

O exercicio consistira en manter unha conversa en galego na que a persoa aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 2 minutos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apta.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental desta para os efectos oportunos.

A actuación das persoas candidatas levarase a cabo por orde alfabética segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 17 de xaneiro de 2018 da Consellería de Facenda e que establece, para o presente ano, empezar por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra "G".

As persoas candidatas serán convocadas nun único chamamento que se fará público a través do taboleiro de anuncios do concello, sendo excluídas as que non comparezan, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

## 5.2 Concurso (Puntuación máxima: 6 puntos)

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da realización da proba escrita.

Terase en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas.*
- *O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia do documento acreditativo.*
- *A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa fotocopia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.*

### 5.2.1 Artigo 14.5 da orde de convocatoria. Puntuación máxima: 1 punto

Para os efectos de valorar os aspectos recollidos no art. 14.5 da orde de convocatoria da subvención, as persoas candidatas deberán cubrir e asinar unha declaración responsable que o Tribunal lles entregara no mesmo momento da realización da proba escrita e que se valorará segundo o seguinte:

a) Nivel de protección por desemprego:

-perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos

-non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose como tal ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,10 puntos por persoa a cargo. Puntuación máxima de 0,50 puntos.

### 5.2.2 Méritos específicos do posto. Puntuación máxima: 5 puntos

#### 6 SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS:

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle

de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 40/2015 do 1 de outubro como na demais normativa de aplicación.

Unha vez que remate o proceso de selección, o Tribunal relacionará as persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá a listaxe ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da listaxe ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con subrepresentación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
- d) En último lugar, resolverase mediante sorteo público

#### 7 CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES:

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

#### 8 INTERPRETACIÓN DAS BASES:

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

#### 9 IMPUGNACIÓN:

A convocatoria, bases e actos administrativos derivados dela serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

Rianxo, xuño de 2018

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez

## ANEXO I

# Bases específicas da convocatoria para a listaxe de 1 CONDUTOR/A

### REQUISITOS MÍNIMOS:

- Carné de conducir C + CAP
- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

### TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Coñecemento do termo municipal
2. O engraxamento: aceites, a súa finalidade e tipos. Sistemas de engraxamento. Cambio de aceites ventilación. Filtrado. Refrixeración no vehículo: funcións, distintos tipos de refrixeración e o seu coñecemento
3. A transmisión: caixa de cambios. Árbore de transmisión. Diferencial. Palieres
4. Presión de inflado. Desgaste, factores que modifican o rendemento dos pneumáticos
5. Dotación dos vehículos: placas, sinais, distintivos nos vehículos, accesorios e repostos e ferramentas que deben levar os vehículos a motor
6. Seguridade nos vehículos: elementos de seguridade nos vehículos. A seguridade activa. A seguridade pasiva. A distancia de freado, concepto e elementos do vehículo que nela inflúen. Seguridade na condución: a observación, a anticipación
7. Factores que inflúen nas aptitudes do/a condutor/a: a fatiga, o sono, a tensión, o tabaco, medicamentos, estupefacientes e substancias psicotrópicas
8. Prevención de riscos laborais

### VALORACIÓN DE MÉRITOS ESPECÍFICOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS)

#### 1) Experiencia profesional:

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 3 puntos segundo o seguinte baremo: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados en postos da mesma categoría á que se presenta.

#### 2) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos

3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1 punto

3) Autorización para o transporte de mercadorías perigosas: puntuación 0,50 puntos

4) Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento), que as certificacións de aptitude dos Celga.

## Bases específicas da convocatoria para a listaxe de 1 PEÓN FORESTAL

### REQUISITOS MÍNIMOS:

- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

### TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Ferramentas e maquinarias máis utilizadas nas plantacións forestais
2. Uso da motoserra e a rozadora no sector forestal
3. A conservación de camiños e cunetas forestais. Materiais e ferramentas
4. A defensa contra os incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais
5. O PLADIGA
6. As comunidades de montes en Rianxo (número, localización, ...)
7. A Ordenanza municipal xeral de limpeza e medio ambiente
8. A prevención de riscos laborais no sector forestal

### VALORACIÓN DE MÉRITOS ESPECÍFICOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS)

1) Carné de conducir B. Puntuación: 2 puntos

2) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 2,50 puntos

3) Coñecemento do galego :

*(só se valorará o de maior puntuación)*

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos



2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento), que as certificacións de aptitude dos Celga.